

Adaptación das Normas de Organización e Funcionamento (NOF) para o desenvolvemento do actividade de ensino-aprendizaxe no ensino a distancia.

Ao documento de Normas de Organización e Funcionamento (NOF) que está vixente nestes momentos no centro, coa aprobación do Consello Escolar, engádense os seguintes parágrafos:

1. Introducción.

(Engádese)

“Dentro de situacións excepcionais nos que teñamos que pasar ao ensino a distancia por mor das circunstancias sanitarias ou doutro tipo, existirán normas adaptadas plasmadas no documento, e serán de obrigado cumprimento para a comunidade educativa”.

2.1.2. Deberes do profesorado.

(Engádese)

- ❖ *“Deber de respectar os Horarios Espello elaborados para o ensino a distancia.*
- ❖ *Deber de puntualidade na conexión virtual co alumnado.”*

2.1.4. Horarios do centro.

(Engádese)

- ❖ *“Elaboraranse uns Horarios Espello para situacións de ensino a distancia, que serán o máis fieis posible aos orixinais presenciais, e coas condicións axeitadas para un aproveitamento óptimo por parte do alumnado.”*

2.2.2. Deberes do alumnado.

(Engádese)

- ❖ *“Deber de puntualidade na conexión virtual co profesorado.*
- ❖ *Deber de respectar as normas básicas dunha conexión virtual co profesorado: atención, non interrumpir, seguir todas as indicacións, non facer uso indebido dos recursos dixitais.”*

2.3.2. Deberes das familias.

(Engádese)

- ❖ *“Deber de respectar e seguir os Horarios Espello elaborados no centro para un eventual ensino a distancia.*
- ❖ *Deber de colaborar co profesorado e co centro nas situacións de ensino a distancia, facilitando, na medida do posible, a dispoñibilidade de conexión nos horarios marcados.”*

3.1. Normas Xerais.

(Engádese)

- *“No ensino a distancia, existirán uns Horarios Espello de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa. Calquera dificultade ou problema para poder levar a cabo ditos horarios será inmediatamente comunicada ao equipo directivo, que tomará as medidas oportunas para intentar solucionar a situación.*
- *Todos os membros da comunidade educativa teñen a obriga de cumprir coas mínimas normas de respecto e responsabilidade nas conexións virtuais, evitando as interrupcións ou o uso indebido dos recursos dixitais.”*

4.1. CONDUCTAS LEVES.

(Engádese)

- ❖ *“A falta de asistencia ou puntualidade, inxustificada, nas conexións virtuais dentro do ensino a distancia.*
- ❖ *Os actos inxustificados que perturben levemente o normal desenvolvemento dunha sesión virtual no ensino a distancia.”*

4.1. CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS.

(Engádese)

- ❖ *“Os actos inxustificados que pertuban gravemente o normal desenvolvemento dunha clase virtual dentro do ensino a distancia.”*